

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

Asunto: Solicitud de loita contra a caza furtiva do lobo en Galicia.

D. /D^a. _____ con DNI. N°. _____, e con
domicilio a efectos de notificacións en
_____, teléfono: _____.

EXPÓN:

Por medio do presente escrito pedimos que se persiga o furtivismo e as matanzas de lobos e solicítase información ao respecto.

O 24/01/2021 no Monte Penedo da Estrada aparecía morto un lobo a tiros por un cazador tras confundilo con un raposo, durante unha batida de xabarín. Isto dou lugar a unhas dilixencias previas (18/2021) no Xulgado da Estrada que remataron arquivándose, ao non poder probarse a actuación dolosa do cazador, pese á evidente actuación negligente do cazador “experimentado”.

O 28/03/2021 nos Montes de Requeixo – Chandrexá de Queixa apareceu morto outro lobo por un lazo, que dou lugar a unhas dilixencias previas no Xulgado da Pobra de Trives (58/2021), que remataron arquivándose pola falla de identificación do autor furtivo.

O furtivismo voltou a campar as súas anchas na Serra do Barbanza a finais do ano 2021, está vez de forma más grave, por afectar a más exemplares de lobo.

O furtivismo tamén campea en parques naturais de Galicia como o parque natural das Fragas do Eume.

Que está a facer a Dirección Xeral de Patrimonio Natural para frear a caza furtiva e as negligencias dos cazadores que en vez de matar raposos, por suposta confusión, rematan matando lobos?

Hai un rexistro dos exemplares de lobos víctimas do furtivismo? Hai implementadas medidas para evitar que isto se produza? Estase a realizar un seguimiento más intensivo da especie e das conductas dos cazadores ao respecto? Por que estos datos non aparecen no apartado de Infolobo da web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda? Cantos expedientes sancionadores ten incoado pola caza furtiva do lobo? Cantos remataron con sanción firme?

Por iso pedimos limitar as actividades cinexéticas e intensificar o seu control na Serra do Barbanza, nos montes da Estrada, en Pobra de Trives e as Fragas del Eume. Neste último, mentras non exista un Plan Reitor que ampare a protección da especie e os seus hábitats, é preciso limitar a caza e intensificar a vixiancia e o control.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

- 1.- Que se persiga eficazmente o furtivismo e as matanzas de lobos en Galicia.
- 2.- Que se limiten as actividades cinexéticas e a intensificación e vixiancia do seu control na Serra do Barbanza, nos montes da Estrada, en Pobra de Trives e as Fragas do Eume e calquer outra parte do territorio galego onde se teña coñecemento da existencia de caza e prácticas furtivas para co lobo. Neste último parque natural, mentras non exista un Plan Reitor que ampare a protección da especie e os seus hábitats, limítense tamén a actividade cinexética.

3.- Que no apartado de Infolobo da web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda se aporte información sobre o número de exemplares de lobos vítimas do furtivismo e a localización de tales prácticas.

4.- Información sobre das medidas implementadas para perseguir a caza furtiva do lobo en Galicia, número de expedientes sancionadores incoados e número de expedientes sancionadores finalizados con resolución firme.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2022

Asdo.- _____